

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	1º Bac.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

\* PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Relixión católica 1º BACHARELATO

Curso: 2025/2026  
IES A Xunqueira I

CÓDIGO DO CENTRO: 36013761  
ENDEREZO: Rúa Alexandre Bóveda  
CP: 36005  
CIDADE: Pontevedra  
PROVINCIA: Pontevedra  
FAX: 886159732  
CORREO ELECTRÓNICO: ies.xunqueira.1@edu.xunta.es.  
PÁXINA WEB: www.iesxunqueira1.com  
Tfno 886159721

Esta programación didáctica foi elaborada tendo en conta : a lexislación vixente LOMLOE para cursos impares de SECUNDARIA e 1º BACHARELATO, as características do Centro e do noso alumnado co que imos compartir coñecementos e experiencias ó longo de todo este curso, así como a materia a impartir.

### 1.1. CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO.

A)-datos de identificación do centro:

1)Nome: A denominación oficial do centro e Instituto de Ensino Secundario "A Xunqueira I".

2)-Titularidade: É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3)-Data de creación: Foi creado no curso 1978-9 como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

4)-Ubicación e características derivadas: O I.E.S. "A Xunqueira I" atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, de Pontevedra. Encóntrase nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CEFORE e Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de "centros de carácter periférico mixto", é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e,

coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos masculino e feminino da cidade.

Co paso do tempo, adquiriu un carácter "rururbano" polas características do seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de nova construción, formada sobre todo por e para a poboación emigrante retornada nos anos oitenta; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

A creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no concello veciño de Poio, así como o I.E.S. Torrente Ballester, contribuíu en gran medida á redución e modificación das características do alumnado.

5)-Niveis educativos:

a)- 1º e 2º ciclos da ESO.

b)- 1º e 2º cursos de Bacharelato, nas modalidades de: Ciencias da Natureza e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes Plásticas, deseño e imaxe.

c)- 1º e 2º curso do Ciclo Medio de Laboratorio.

6)-Infraestrutura:

O centro está dividido en dous edificios antigos que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias (aulas, biblioteca, cafetería, conserxería, secretaría e dirección, sá de usos múltiples, sá de profesorado sá de atención a páis e nais, aula de informática, aula de música).

O seu estado é mellorable tanto nos seus accesos ateigados de escaleiras con tan só unha rampa, como no seu interior, dada a súa antigüidade. Foi mellorado tras obras de acondicionamento, incluíndo a instalación dun ascensor,

que facilita o desplazamento dos membros da comunidade educativa, principalmente o das persoas con mobilidade reducida, facilitando a inclusión.

As aulas son moi xustas en número e espazo.

Nas últimas obras creouse un novo espazo como "Aula de Polos Creativos", e noutra fase ampliouse o espazo dun aula e remodelouse a zona de Orientación e Aula de apoio, así como o aumento da zona de xogo e deporte cimentada.

Hai dous patios de recreo. Un exterior ao redor do centro cun xardín ben coidado e mantido polos integrantes da asociación Xoan XXIII con alguna discapacidade. O outro é un pequeno patio interior semicuberto, que se atega nos días de choiva.

A zona pola que se accede á biblioteca e aulas de tecnoloxía utilízase como espazo de exposición ao que denominamos "O Parnasillo".

Recentemente mellorouse a biblioteca, que agora consta de dous espazos, un interior e outro exterior, donde o alumnado pode reunirse, ler, falar ou compartir xogos de mesa cando fai mellor tempo.

7)-Entorno socioeconómico do centro: estrato social, clase, pais e nais organizados na Anpa

O Instituto "A Xunqueira I" da cidade de Pontevedra presenta as seguintes características socioeconómicas e culturais:

a) O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio (fundamentalmente medio-baixo), no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes a un medio rural próximo ao Instituto (a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir ás clases.)

b) Atendendo ás profesións dos pais e das nais, predominan os/as dedicados/as a profesións do ámbito manual-asalariado; abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesionais liberais. É de subliña-la elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.

c) Polo que atinxe ao alumnado, moitos reciben das familias o apoio e os medios que poden aportar para a súa formación e estudos, que a maioría do noso alumnado pensa continuar na universidade.

d) Aínda que o alumnado vive maioritariamente no medio rural, a lingua máis empregada é o castelán; o uso do galego, non obstante aumenta no ambiente familiar.

e) As familias non están na súa totalidade asociados a Anpa do Centro

8)-Alumnado e as súas familias:

:-Nº de alumnado : 680

-Procedencia do alumnado, dos centros adscritos( CEIP Xunqueira I, Campolameiro, Campañó e Lárez),extranxeiros recen chegados e asentados na cidade de Pontevedra e maioritariamente na súa periferia.

-O alumnado provén maioritariamente de familias de clase obreira por conta allea e traballadora autónoma. Outras cos seus membros en paro superviven con pequenos subsídios e a axuda de organizacións activas na cidade de Pontevedra, como son Cáritas, Cruz Vermella, Comedor Social dos Páis Franciscanos do Mosteiro de San Francisco, outras chegadas de países principalmente de Centroamérica ou norte de África con dificultade nalguns casos para adaptarse aos costumes e sobre todo ao idioma. Neste intre temos alumnado de :Venezuela, Colombia, Brasil, Cuba, Marrocos, Rusia.... E en menor parte hai familias de clase media.

O centro é unha mixtura de clases e de estruturas familiares diferentes, moitas delas desestructuradas e con problemas relevantes adicionais, que repercuten no día a día de parte do noso alumnado.

B-Sinais de identidade

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutrinamento, sectarismo e proselitismo, declarándose esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O Instituto intenta formar para a paz e rexeita a violencia, polo tanto é unha esixencia inexcusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O seu alumnado formase para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade, para unha boa convivencia, para a paz, a non violencia, a resolución pacífica dos conflitos mediante a mediación, para a igualdade, a solidariedade e o espírito cooperativo.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación ou educación na igualdade dos sexos.

A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas,

sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

#### 1)-Linguas do centro

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental e didáctica no ámbito escolar. En todo caso, deberá garantirse, ao remata-la escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas.

#### 2-Metodoloxía para o aprendizaxe

- a) O labor educativo basearase no respecto mutuo, o diálogo e a reflexión.
- b) O profesorado, como guía do proceso de ensinanza-aprendizaxe, impulsará este proceso cara a unha aprendizaxe activa, que desenvolva as iniciativas e a creatividade do alumnado
- c) O proceso de ensinanza-aprendizaxe procurará a adquisición de técnicas de traballo ou hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten no alumnado o interese por continuala súa formación e integración na sociedade como cidadáns e cidadás libres e responsables.
- d)-Fomentarse o coñecemento do país, da súa realidade e dos seus problemas, así como o respecto ao medio ambiente natural. O centro estará aberto á comunidade que o rodea fomentando a relación co seu peculiar entorno á vez cidadán e rural.
- e) O ensino adaptarase aos distintos ritmos e capacidades de aprendizaxe, de acordo co desexo da educación para a diversidade.
- f) Na procura dun proxecto educativo común, fomentaranse a cooperación e a complementariedade do profesorado, pero admitiranse as diferencias de estilos docentes, que, ademais de enriquecedoras, son un exemplo de espírito democrático para o alumnado.
- g) Estímase que a orde é indispensable para a vida escolar e procurarase a comprensión e aceptación deste principio por parte de todos e todas, xa que non é un mero capricho nin froito dunha imposición

#### 3)-Xestión do centro

- a) A xestión do instituto debe ser participativa e democrática.
- b) O centro é gobernado polo equipo directivo e o Consello Escolar.
- c) Como o equipo directivo ten que representar á comunidade escolar, a súa elección debe ser expresión de liberdade democrática e froito do diálogo e o consenso.
- d) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociacións de pais e nais, profesorado, alumnado e o persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relacións entre os colectivos que constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a participación de todos e todas na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.
- e)Será un obxectivo permanente dar solidez ás relacións do centro tanto coas administracións educativa e local como coas entidades ou asociacións do entorno.

#### 4)-Lexislación:

Ó ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 1.2-Introducción e contextualización da materia a impartir por este departamento:

Todos nacemos e nos desenvolvemos no seo dunha familia e sociedade concretas que teñen a súa tradición cultural que é coma o caldo de cultivo no que cada un de nós imos medrando.

Nós pertencemos a unha cultura occidental de profunda raíz cristiá.

Está claro que a cultura occidental en xeral, e a galega en particular, está sostida e conformada fondamente por crenzas, costumes, ritos, festas, valores e modos de vida empapados de cristianismo.

Polo mesmo, para ben ou mal, non é posible ter un coñecemento serio do que é a persoa, a sociedade e a cultura occidental se deixamos de lado a relixión, no noso caso o cristianismo, como parte integrante de ese ser, sociedade e cultura. Pasar por alto este feito e quedar privado das claves necesarias para poder ler e interpretar a cultura occidental en xeral, e a galega en particular.

A escola, se non quere renunciar a súa condición de ser un lugar para a formación integral da persoa, terá, polo tanto, que ofrecer os elementos que conforman a súa cultura.

Ninguén nos seus cabais pon en dúbida que son os pais e nais os primeiros e principais educadores dos seus fillos e fillas e que os poderes públicos teñen coma unha das súas misións a de axudarlles nese cometido.

O ensino relixioso é unha disciplina específica e rigorosamente escolar, ordinaria para aqueles que a soliciten, equiparable o resto das disciplinas no seu rigor científico, presentación de obxectivos e contidos e na súa significación educativa.

A formación relixiosa e moral católica en Baharelato pretende afondar nos contidos que o alumnado estudou e asimilou na etapa anterior, cun sentido máis crítico agora nesta etapa e desenvolvendo con maior protagonismo a súa capacidade de creación, innovación e enriquecemento nos seus valores básicos, sustentados nos principios, criterios e valoración propia da ensinanza relixiosa católica.

Unha escola coa misión de formar homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores será eficaz na maduración da personalidade integral do alumno/a cando transmita valores e creacións culturais coa posibilidade de asimilalas, rexeitalas ou modificalas en orden a un proxecto da propia persoa.

A escola, desta maneira, compromete ao educando nunha apertura cara o fundamento e senso último da vida e polo tanto ao sentido da ciencia e da cultura mesma para a persoa e a humanidade.

Trátase de aclarar e responder as grandes preguntas que o alumno/a se formula a si mesmo/a e que asumirá como opción libre e persoal. É, por tanto, tamén finalidade da escola acompañar os alumnos/as mentras buscan e logran acadar a súa identidade persoal; algo que é difícil levar a bo remate sen atopar un sentido da vida e un significado último e global da súa existencia.

A finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acaden un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Non podería existir unha formación integral e unha educación completa e de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións do ser humano, unha das cales é a relixiosa.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/os alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado: Cunha formación sociocultural media-baixa. No eido relixioso as máis das veces teñen unha fe herdada, rutinaria e monótona nas prácticas relixiosas, que ó mellor lles serviu na infancia, pero que agora ou lles é indiferente ou empezan a cuestionar.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, e sexan críticos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos/as, que promovan o diálogo e que buscan expoñer cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais.

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-2-3-5	3		1-3-4	11-12-20-31-40-50	1-3-4	2-3	1-31
OBX2 - Recoñecer e desprezar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construción dunha sociedade inclusiva.	1-2-5	3	5	3	11-20-31-32	1-2-3-4	1	31

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Igrexa, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta.	1-2-5	3	3	1-3	12-20-32-40	3-4	1	1-31-42
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construción social do pensamento.	2-4	3	2-3			1-3		1-2-32-41-42
OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria.	1				11-20-40	1-3	2	1-31-41
OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social.	1-2-3		4	1	31-40-50	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	O ser humano, non é unha illa, é un ser de relacións que debe cultivar e coidar: Relación con Deus, relación cos demais e relación co mundo. Configuración da identidade do ser humano: Os Humanismos, a relixión (panorama mundial das relixións), especificidade da relixión cristiã	25	8	X		
2	Fe e Razón	Clarificación da fe e da razón e historia das súa relación (enfrentamentos, encontros,	25	6	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Fe e Razón	colaboración e complementariedade). Vivencia dunha fe razoable nun mundo científico técnico	25	6	X	X	
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	Análise dos Principios da DSI, ver a súa historia e os principais documentos e aplicar logo á realidade social que nos rodea cos seus problemas: Guerra/paz, traballo/paro, migración, pobreza/riqueza, ecoloxía, ...O compromiso social.	25	12		X	X
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	Descubrimento e análise da presenza da Relixión na realidade socio-cultural que nos rodea: Igrexas, Cruceiros, Lendas, Cantigas, Romerías.... integradores da nosa cultura e configuradores do noso ser personas e ser galegos	25	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Identidade do ser humano. Un ser relixioso	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Reflexiona sobre acontecementos, imaxes, novas...e emite xuízos de valor razoados sobre a necesidade de atopar sentido á vida.	PE	75
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan os humanismos e as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiá.		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiá a través dos seus valores propostos e a súa expresión na cultura do seu entorno..		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Adquire capacidade de reflexión crítica ante novas, comportamentos e actitudes respecto á dignidade das personas, as relacións sociais e o respecto, coidado e defensa da vida e da natureza, así como a capacidade de compromiso social.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.</li> <li>- Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.</li> <li>- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.</li> <li>- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.</li> <li>- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.</li> <li>- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.</li> <li>- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.</li> <li>- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.</li> <li>- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Fe e Razón	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándooas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Aporta argumentos para defender racionalmente a súa fe e crenzas.	PE	50
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Identifica diferentes métodos de achegarse e coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Analiza casos e debate, de forma razoada e responsable, sobre situacións de "conflicto" entre razón e fe.	TI	50
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Descubre a colaboración que pode haber entre razón e fe, desde o respecto mutuo entre ambas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> <li>- Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina.</li> <li>- Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade.</li> <li>- Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Doutrina Social da Igrexa. Compromiso social do cristián	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica problemas sociais e analiza a resposta que a Doutrina Social da Igrexa deu ós mesmos analizando os seus documentos.	PE	40
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais.	Analiza os principais documentos da DSI descubriendo os principios fundamentais da mesma e valora a aplicación deses principios a diferentes problemas e situacións sociais.		
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos, asumindo responsabilidades sociais.	TI	60
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos desde o respecto á diversidade e a inclusión.		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Comprende o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplicaos a situacións sociais concretas.		
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos. Implícase e participa positivamente na sociedade.		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Valora as aportacións que dende os diferentes ámbitos (político, relixioso, científico, tecnolóxico ...) se fan para tentar dar solución aos problemas sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvolto en clave vocacional.</li> <li>- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.</li> <li>- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.</li> <li>- Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa ( DSI).</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.</li> <li>- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.</li> <li>- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible ( ODS).</li> <li>- Proxectos sociais e de promoción humana da Igrexa, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Expresións relixiosas na cultura da contorna	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Apreciar e valorar as manifestacións relixiosas da contorna. Informándose sobre a súa historia, tradición e desenvolvemento	PE	25
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Recoñecer a influencia do contorno socio/relixiosos na nosa configuración personal	TI	75
CA1.6 - Diseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimentos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> </ul>

## Contidos

- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.
- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.
- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes principais:

1. Fidelidade e respecto ó alumnado, protagonista da educación e axente da súa propia aprendizaxe. que lles permita construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias.
2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica na súa presentación e transmisión.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

- a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade. Cada un é o axente da súa propia aprendizaxe.
- b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.
- c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esqueceremos a importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potenciar a dimensión social e comunitaria do alumnado. De xeito que as situacións de aprendizaxe representen unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e que responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinariedade e a complementariedade, demostrando así que as materias non son compartimentos estancos, senon un compendio de saberes interrelacionados.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fora das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexio, sociedade) lle plantexa.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo,

deben estar compostas por tarefas nas que a súa resolución leve á construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos.

Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais.

As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendimento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación, como no seu desenvolvemento e fidelidade na transmisión, e na avaliación, pero sobre todo no acompañamento do alumnado durante o seu camiño de aprendizaxe.

A didáctica da materia de Relixión Católica en algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe que son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural.
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións.
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura.
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa.
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común.
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes.
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.
- A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

-As orientacións metodolóxicas, programadas cara a avaliación ,harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordeadores.
Material de apoio existente na Biblioteca.
.Documentación elaborada pola profesora e entregada ao alumnado: fichas, esquemas, documentos de apoio.

No centro dispoñemos de aula de informática e de algún ordenador portátil e outros na biblioteca. O alumnado pode facer uso deles para buscar a información complementaria necesaria e ser así o axente que vai construíndo a súa propia aprendizaxe.

Así mesmo usaremos o material que hai na Biblioteca relacionado coa nosa materia (Documentos de DSI, sobre as diferentes relixións, en trono ás manifestacións scoio/relixiosas da contorna, ...)

Non temos libro de texto. A profesora elabora e aporta ao alumnado o material sobre o que se traballará cada bloque temático, cada un /unha según o seu xeito: guións, fichas, con indicacións de traballo, para que él/a mesmo/a vaia construíndo a súa propia aprendizaxe, elaborando o seu propio libro de texto. Deste xeito ao fin do curso atoparase co seu propio libro composto por todo o que fomos traballando ao longo do curso e que foron recollendo no su ficheiro.

Para o desenvolvemento da nosa labor docente, neste departamento, contamos coa axuda para as nosas clases do seguinte material e recursos:

1-Cada alumno/a disporá dun ficheiro ou carpeta persoal no que se irán recollendo os seus traballos e os recursos didácticos utilizados e que deixarán na aula para evitar pesos nas mochilas e para que o teñan sempre á súa disposición ao evitar olvidos.

2-O material didáctico que seguiremos ó longo deste curso será o da Editorial SM-PPC, que consideramos positivo e práctico para o noso alumnado, aínda que non se lles esixe compralo.

3-O material convencional das aulas

4-Os aportados polo Centro: vídeo, CD, ordenador, canón...

5-A Biblia.

6-Varios Atlas das Relixións.

7-Mapas.

8-Textos do Concilio Vaticano II.

9-Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)

10-Bibliografía complementaria

11-Revistas, diarios, información de diferentes publicacións e ONGS .

12-Comentarios de texto

13-Papeis, cartulinas e outros materiais para a exposición de traballos en paneis, murais.

14-Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.

15-Cancións e actividades musicais.

16-Xogos e dinámicas grupais.

17-Presentacións en Power-Point, e noutros recursos on-line.

18-Libros e exercicios sobre valores.

19-Aula virtual e web do propio Centro.

20-Materiais persoais dos integrantes do departamento.

21-Materiáis e actividades que se ofertan na Aula de Polos Creativos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade, polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos.

Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario, dun xogo, preguntas e respostas sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ó longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e a partir de aí vaian correxindo ou confirmando as súas ideas de xeito informal para saber de qué punto partimos, utilizando algun instrumento de gamificación, como técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo-profesional co fin de conseguir mellores resultados, xa sea para absorber mellor algúns coñecementos, mellorar algunha habilidade, ou ben recompensar accións concretas, entre outros moitos obxetivos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	75	50	40	25	48
Táboa de indicadores	25	50	60	75	52

### Criterios de cualificación:

1. Observación sistemática. Observación da actitude, interese e participación manifestados polo alumnado ante as tarefas plantexadas na aula. Observación do respecto aos compañeiros/as, ao profesor e aos materiais propios e alleos.
2. Traballo individual. Producións do alumnado na aula e fóra dela, recollidas nun caderno ou ficheiro de clase e/ou nun blog. Presentación en soporte papel ou informático (correo electrónico....)
3. Traballo en grupo. Realización e exposición de actividades en grupo.
4. Probas orais. Valoración da implicación e participación nos temas desenvolvidos na aula: Creatividade e investigación persoal, respecto no diálogo, nas quendas de palabra e na opinión dos demais
5. Probas escritas. Probas tipo test e cuestionarios de autoavaliación (Verdadeiro / falso, encher espazos en branco, aparellar, selección múltiple,...).

O peso específico na cualificación, de cada proba e instrumento de avaliación será como segue:

-52%-Da Taboa de indicadores

30% Traballo individual. Traballo diario na aula e fóra dela (caderno, traballos, ...)

8% Traballos en grupo.

10% Participación na aula, actitude, comportamento, respecto cara si mesmo/a, compañeiros/as e profesorado, asistencia...

-48%-Da nota media das probas escritas.

O aprobado será a partir do 5 e refrectirase cun número enteiro.

### Criterios de recuperación:

A avaliación será contínua, polo tanto cada avaliación parcial non superada, quedará superada se aproba a seguinte. No caso de rematar as avaliacións ordinarias coa materia suspensa, no período que vai entre a 3ª avaliación e a ordinaria final, deseñaremos actividades concretas, individualizadas, para ese alumnado, buscando que recupere e supere a materia.

O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación, que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria. Aproba a partir dun 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso non procede este apartado, xa que as materias pendentes da ESO non se teñen en conta no Bacharelato

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible, polo que a atención á diversidade está sempre presente.

Habitualmente ocorre que algúns alumnos/as teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física, mental ou sensorial, outros necesitan axudas técnicas, e outros con sobredotación están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro. A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social.

A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos e alumnas como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores/as compañeiros/as de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do alumnado atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna, tratando de:

- 1-Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso o máis apropiado.
- 2-Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os

alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.

3-Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

4-Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

5-Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.

6-Para alumnos/as máis motivados/as faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.

7-Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

Procuraremos ter en conta a individualidade do alumnado, adaptando estratexias, recursos, espazos e tempos empregados na aula, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.12 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

### Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc Hai que destacar o especial interese que se pon desde este departamento na coeducación para a Igualdade e para a mellora da Convivencia no centro,

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, loxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Estes temas transversais están sempre presentes, se ben hai sesións específicas coincidindo con datas conmemorativas coma por exemplo :o Día da Paz,25 de Novembro,8 de marzo,etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Un Nadal Solidario	-Campaña de recollida de alimentos para o Comedor Social de San Francisco.	X		
Saída cultural	Saída cultural dun día de duración organizada para o alumnado de relixión católica			X

### Observacións:

- Visita a edificios relixiosos da cidade de Pontevedra, para aplicar os coñecementos que os alumnos/as adquiriron sobre simboloxía relixiosa no eido da arte sacra..
  - Visita a cidade de Compostela , para coñecer máis de cerca o mundo da peregrinaxe ( principais portas de entrada dos peregrinos á cidade, costumes dos romeiros, puntos de acollida e asilo ...), facendo un percorrido guiado polo interior e os tellados da Catedral,visitando tamén o Museo das peregrinacións e o de Terra Santa.
  - Visita ó Museo de Pontevedra para que os alumnos/as poidan aplicar "in situ" os coñecementos adquiridos sobre os obxectos de culto,pintura e escultura de carácter relixioso.
  - A participación en Talleres de Comercio Xusto na Tenda de Productos de Comercio Xusto de Pontevedra.
- Desde o Departamento non se descartan outras posibles saídas ou participacions noutros programas que xurdan o longo do curso e redunden nun beneficio para os nosos alumnos/as ou a colaboración , participación , implicación persoal e total dispoñibilidade nas actividades propostas polo Centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento da Programación
Metodoloxía empregada
Avaliación
Enquisa

### Descrición:

- Cumprimento da programación. Variacións/modificacións introducidas na mesma ó longo do curso.
- Resultados da avaliación. Promoción do alumnado.
- Avaliación da práctica docente mediante unha enquisa entregada ó alumnado.
- Rúbricas para avaliar á docencia ,a calidade dos apuntes entregados , os materiais complementarios utilizados e a organización dos eventos organizados tanto dentro , coma fora do centro.

I-Indicadores de logro:

1-Modelo para o profesor (aspectos a avaliar, a destacar, a mellorar en cousas como a temporalización, desenvolvemento dos obxectivos didácticos,manexodos contidos de cada unidade,desempeño de competencias, realización de tarefas, estratexias metodolóxicas seleccionadas, recursos utilizados,claridade nos criterios de avaliación,uso das diversas ferramentasde avaliación, evidencias dos estándares de aprendizaxe, atención á diversidade, e interdisciplinariade...).

2-Modelo para o alumnado:autoevaluación de diversos aspectos do seu aprendizaxe (fago, entrego,participo,, pregunto,pido axuda,asisto,son puntual,,xustifico retrasos,,son respetuoso/a, asumo responsabilidades,actitude positiva cara o estudo,o que aprendo aplicoo e relaciono con outras materias...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens completando os datos que aparecen na aplicación.

Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación.

Os datos recollidos durante o seguemento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico ,(confirmandoa ou modificandoa),no que xa estaremos máis familiarizados coa aplicación.

## 9. Outros apartados